



# A FOLLA DA CGT

Núm. 60 - 13 abril 2021



## Mobilizacións pola carga de traballo

O luns pola mañá houbo diferentes reunións para discutir un novo calendario de mobilizacións pola carga de traballo. Decidiuse convocar unha asemblea xeral mañá ás 9:30.

A **CGT** opinou que hai que utilizar o **AAOR** para presionar. Tamén propuxemos que antes da asemblea xeral houberse unha rolda de **assembleas parciais**, tanto para os traballador@s da principal como da IA. Consideramos importante debater cos traballador@s a estratexia e as propostas e, sobre todo, **escoitar** opinións. Rexeitouse por que a data da asemblea xeral está totalmente condicionada pola decisión previa das direccións comarcais de CCOO, CIG e UGT de que os traballador@s de Navantia acudamos mañá á praza de Armas.

Ante o problema que temos, caben dúas estratexias: a **interclasista localista** (alianza cos empresarios de Ferrolterra) ou a **de clase** (alianza co resto da clase traballadora do Estado español).

Para a CGT, as alianzas interclasistas localistas significan na práctica **SUBORDINAR OS INTERESES DOS TRABALLADORES ÓS DOS EMPRESARIOS**. Non temos **ningún** interese en común con eles. Eles son os que pagan salarios de miseria, os que obrigan a facer horas extra gratis, os que violan os convenios, os que despiden para aumentar beneficios, os que nos explotan... O que buscan os empresarios é **utilizar** a forza dos traballador@s para conseguir a maior tallada posible de subvencións públicas.

A solución ós ERTes, á destrución de milleiros de empregos, ó peche de fábricas, ós recortes de salarios e dereitos da clase traballadora non pasa por unha alianza coa patronal local, sexa da hostalaría,

## Prestamismo laboral

Nova sentenza por prestamismo laboral en Navantia-Ferrol favorable á traballadora. O xuíz sentenciou a súa entrada en Navantia por considerar que había unha **cesión ilegal**.

Esta sentenza é unha nova confirmación do que tod@s sabemos: que a subcontratación só serve para degradar as condicións laborais dos traballador@s incluso de forma ilegal. Impresentable nunha empresa pública. O goberno do PSOE-Unida Podemos ten que tomar medidas de inmediato. E os comités de empresa e o intercentros de Navantia, tamén.

da industria auxiliar ou do comercio. Non debemos pelexarnos cos traballador@s doutras zonas polo reparto da miseria.

Todo o contrario: temos que **unirnos** tod@s para mobilizarnos para esixir carga de traballo para **tod@s**, emprego digno para **tod@s**, dereitos para **tod@s**, unha política económica que antepoña as persoas ós beneficios empresariais. Sexamos de Navantia ou da tenda de H&M de Narón que vai ser pechada, sexamos de Ferrol ou de Cádiz.

A clase traballadora temos forza dabondo para impulsar unha estratexia **propia** que responda ós **nosos** intereses de clase. Neste senso, na asemblea de mañá **non** imos apoiar a saída para acudir ó Concello, por considerar que responde a esa estratexia interclasista localista que é totalmente errónea. E plantexaremos un **pronunciamento** da asemblea sobre a necesidade dunha **folga xeral en Galicia** antes do verán como continuación da folga xeral comarcal do 10-M.

### Artículo 35.2 del Estatuto de los Trabajadores:

“...El Gobierno podrá suprimir o reducir el número máximo de horas extraordinarias por tiempo determinado, con carácter general o para ciertas ramas de actividad o ámbitos territoriales, para incrementar las oportunidades de colocación de los trabajadores en situación de desempleo”

## ¡APLICACIÓN YA!



Federación Estatal de Sindicatos de la Industria Metalúrgica



## Cambio na presidencia

O cambio de presidente non é problema de se nos poñen un agrónomo, unha enfermeira ou un bombeiro, ou de se é de Ferrol, de Cádiz ou de Cartaxena.

Xa tivemos de presidente a un ferrolán, perito naval e con traxectoria na empresa. E que nos deixou de legado? A fichaxe de Fernando Ramírez como xefe de RRHH, o que nos trouxo o modelo de Airbus e o que está a bombardear as relacións laborais, facendo que ningún traballador estea contento con RRHH, que tardemos un ano en cobrar o que nos corresponde, que a empresa sexa coñecida polo escurantismo nos procesos de incorporacións e protagonice escándalos como a exclusión dunha candidata por exceso de madureza persoal e de coñecemento profesional, ou o despedimento dun traballador que entrou en Navantia por sentenza xudicial tras unha demanda por prestamismo.

Ser presidente/a de Navantia é un cargo político e, por tanto, ten que demostrar que defende os valores de esquerda que cabe esperar dun goberno PSOE-Unidas Podemos (respecto polos dereitos dos traballadores, tamén dos subcontratados, convocatorias obxectivas e transparentes, cumprimento do convenio e das leis, estabilidade laboral, oposición á privatización...). A política deste goberno en Navantia non pode ser a mesma que cando gobernaba o PP. Para iso foron votados polos traballador@s.



14 abril 2021

90 aniversario II República

## Licitación do mantemento

O 31 de marzo rematou o contrato de mantemento da UTE Tecman-ElectroRayma. O 1 de abril debían empezar as cinco empresas que viñan substituíla.

A sorpresa foi que unha delas (a nova UTE conformada por Ferroviario e Fluidmecánica) desistiu do contrato por un "erro de interpretación no alcance do contrato". PINE, a empresa que quedou segunda, tampouco o pode asumir porque xa é adxudicataria doutro lote.

Como consecuencia, os compañeiros que ían para a nova UTE permanecen traballando nas instalacións baixo o mando da UTE saínte, a pesar de que o contrato está **vencido**. Unha chapuza total que demostra novamente que todo aquilo polo que os compañeiros se mobilizaron durante máis de 50 días estaba máis que xustificado.

Por certo, no seu momento os responsables desta licitación chafalleira xustificaron os ataques contra os traballadores do mantemento cuestionando a súa profesionalidade. Que poderíamos dicir agora da profesionalidade deses responsables?

## Así está o mundo

A pandemia cambiou moitas cousas, pero unha segue igual: os multimillonarios tiveron un **aumento récord** das súas fortunas. A Lista Forbes calculaba que as aumentarían en 8 billóns (con be de burrada), pero finalmente as aumentaron en 13,2. Amancio Ortega, o gran filántropo patrio, aumentou a súa en 65.000 millóns. Ben lle dan para pagar os impostos que leva escaqueados e subirlle o salario ós seus traballador@s.

A cousa é tan escandalosa, que o FMI denuncia... ique as grandes corporacións pagan de media **un 41% menos** que hai corenta anos e que as rendas máis altas pagan comparativamente **moito menos** impostos que os traballador@s!. E di... ique hai que subirlles os impostos! ¿Estará o FMI infectado por un virus bolxevique? Seguro que non. ¿Como é posible entón que defenda agora todo o **contrario** do que leva décadas pregoando? Entre outras cousas, porque as inxustizas alcanzan xa tal nivel, que o FMI prevé **estoupidos sociais** que incluso derruben gobernos.

Entre os ben pensantes está de moda laiarse da radicalización política. E máis que debería haber porque a crecente degradación da sociedade só ten unha solución radical: **acabar co capitalismo**.



**Contacta connosco:**

Teléfono Interior: 1213  
Telf. Exterior: 981 33 12 13  
Telf. Móbil: 623 044 900

cgt.fe@navantia.es  
naval.ferrolterra@cgtgalicia.org

Séguenos e comparte info nas RRSS:



**CGTNavantiaFE**